

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 9 de decembro de 2016, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO CUARTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DO PARQUE INFANTIL NO ENTORNO DA TRAVESÍA DO PORTO. MILLADOIRO-AMES. PAS CONVENIOS. ANUALIDADE 2015.-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a mesa de contratación no procedemento aberto para a adxudicación das obras do **“Parque infantil no entorno da Travesía do Porto. Milladoiro-Ames”**. PAS CONVENIOS. ANUALIDADE 2015.

A mesa de contratación, na súa reunión do día 7 de decembro de 2016 unha vez valoradas convenientemente as ofertas dos licitadores, elaborou unha lista de licitadores ordenada de xeito decrecente segundo a puntuación obtida por cada un deles e propón a adxudicación das obras á empresa **CETA CONTRATAS SL**, por ser a que obtivo a maior puntuación, segundo os criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, resultando a puntuación total obtida por cada un dos licitadores a seguinte:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
CETA CONTRATAS SL	50.263,32	33,62
SYR-AMG SLU	51.390,93	32,12
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	52.615,11	30,50
GALOPÍN PLAYGROUNDS SL	52.943,34	30,06
JARDINERÍA ARCE SL	53.433,57	29,41
JARDINCELAS SL	53.518,86	29,30
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	53.605,38	29,18
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	54.654,85	27,79
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL	54.671,30	27,77
HPC IBÉRICA SA	55.004,71	27,32
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL	56.749,00	24,56
BRISA EXCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS SL	56.920,88	24,22
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	56.961,42	24,14
ALVAC SA	57.233,00	23,61
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL	59.313,32	19,53
OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	65.186,20	8,02
COVIASSTEC SL	66.834,69	4,79
GR COSNTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	68.768,81	1,00

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Excluir do procedemento á empresa Excavaciones Ovidio SL por non xustificar a baixa desproporcionada na que incorreu coa súa proposta económica.

Segundo.- Clasificar por orden decrecente de puntuación as empresas participantes no procedemento do seguinte xeito:

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	PUNTOS
-----------	--------------------------	--------

CETA CONTRATAS SL	50.263,32	33,62
SYR-AMG SLU	51.390,93	32,12
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA	52.615,11	30,50
GALOPÍN PLAYGROUNDS SL	52.943,34	30,06
JARDINERÍA ARCE SL	53.433,57	29,41
JARDINCELAS SL	53.518,86	29,30
EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL	53.605,38	29,18
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	54.654,85	27,79
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL	54.671,30	27,77
HPC IBÉRICA SA	55.004,71	27,32
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL	56.749,00	24,56
BRISA EXCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS SL	56.920,88	24,22
TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL	56.961,42	24,14
ALVAC SA	57.233,00	23,61
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL	59.313,32	19,53
OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	65.186,20	8,02
COVIASSTEC SL	66.834,69	4,79
GR COSNTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU	68.768,81	1,00

Terceiro.- Declarar que as características esenciais da referida contratación para o licitador clasificado en primeiro lugar CETA CONTRATAS SL, con CIF B-70342746 son as seguintes:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de corenta e un mil cincocentos trinta e nove euros e noventa e tres céntimos **(41.539,93.- Euros)** sen IVE

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de oito mil setecentos vinte e tres euros e trinta e nove céntimos **(8.723,39.- €)**.

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de **3 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Cuarto.- Notificar o presente acordo aos licitadores.

Quinto.- No prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a seguinte documentación imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación:

- Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.
- Documento acreditativo de ter constituída (en calquera das formas establecidas nos artigos 96 e 98 do TRLCSP, nas condicións previstas no artigo 97 do mesmo texto legal) unha **garantía definitiva por un importe de 2.076,99 €** segundo se especifica nos pregos que rexeron para a licitación correspondentes ao 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Documento xustificativo, de ser caso, de reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación. O adxudicatario deberá aboar ao concello **232,32.- euros** (El Correo Gallego) en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.
- Deberá tamén presentar a seguinte documentación:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas:

- escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible

conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Demais empresas extranxeiras

1. -Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. -Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

A-7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España

De acordo co art. 55.2 da TRLCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

B) Poderes

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

B-1) Verificación de poderes

Os poderes a que se refire o apartado b) da presente cláusula deberán bastantearse previamente polo secretario da corporación ou por un funcionario habilitado.

C) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 da TRLCSP, axustado ao modelo que se transcribe a continuación.

A declaración incluirá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e o feito de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito debe de presentarse antes da adxudicación polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta, axúntase modelo

"D/Dª..... con DNI..... e domicilio en..... actuando en nome e representación da

empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

DECLARA

Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 e 146.1.c) da TRLCSP.

Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames.

(Lugar, data e sinatura do proponente)"

D) Acreditación da clasificación

Ver pregos de cláusulas administrativas particulares.

E) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica

Os licitadores deberán

E.1. - Acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire a cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas particulares.

E.2. - Acreditar a solvencia técnica mediante calquera dos medios a que se refire a cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas particulares.

F) Datos identificativos do licitador

Enderezo, nº teléfono, nº fax e correo electrónico do empresario e do seu representante, se é o caso, para as comunicacións con este Concello.

O empresario, ao presentar a súa oferta, dá o seu consentimento a estas formas de comunicación citadas no parágrafo anterior.

G) Unións temporais de empresas

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 da TRLCSP e cláusula 7 do presente prego.

H) Declaración de empresas vinculadas

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 da TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Sexto.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a catorce de decembro de 2016, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria accidental